



*Almo Concello de*  
**CAMBADOS**

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN  
DO REGULAMENTO DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO  
LOCAL DO CONCELLO DE CAMBADOS.



Ilmo Concello de  
**CAMBADOS**  
(Pontevedra)

## **PROPOSTA DO CONCELLLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA, COMERCIO, INDUSTRIA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Redactada a modificación do Regulamento do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados, e informado por parte do Secretario Xeral, é polo que proponho á Comisión Informativa permanente de Economía e Patrimonio dictamine en sentido favorable a modificación e eleve ao pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados, concretamente a modificación da Exposición de motivos e os artigos 1º, 2º, 4º e 13º segundo a redacción dada polo Concelleiro de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espazo de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, e darlle audiencia ás asociacións empresariais inscritas no Rexistro Municipal polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Cuarto.- Publicación e entrada en vigor: Dacordo co disposto no artigo 70.2 da ley 7/195, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local a modificación non entrará en vigor ata que se publique íntegramente o texto da modificación no BOPPO e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 (15 días hábiles a partires da recepción do acordo por parte da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma).

En Cambados a 21 de abril de 2016

Concelleiro de Economía, Facenda, Comercio, Industria e Promoción Económica

Asdo: Xurxo Charlín





Ilmo Concello de  
CAMBADOS

## MODIFICACIÓN REGULAMENTO DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DO CONCELLO DE CAMBADOS.

Con data 25.01.2016 publicouse no B.O.P. nº 15, o texto íntegro Regulamento do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados, e concretamente na Exposición de motivos e nos seus artigos 1º, 2º, 4º e 13º recollíase que:

### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Cambados acordou regular o Centro de Loxístico do Polígono Industrial Sete Pías, denominado a partir da aprobación do presente regulamento como “Centro de Desenvolvemento Local”, en adiante “CDL”. Dentro do CDL deberanse regular os seguintes espazos:

- Viveiro de Empresas, catro despachos destinados a albergar empresas de recente creación e proxectos de autoemprego que, pola súa viabilidade, poidan contribuír en termos económicos, comerciais, de emprego, etc., ao desenvolvemento do municipio.
- Aulas de formación.
- Local en cesión á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés e Sala de Xuntas.

Mediante este Regulamento defínense, no Título I, fundamentalmente, os elementos esenciais do procedemento para a selección das empresas beneficiarias dos espazos comprendidos no viveiro, e os dereitos e obrigacións das partes no contrato de prestación de servizos a subscribir pola utilización e desenvolvemento da súa actividade no espazo asignado, establecéndose un tempo máximo de ocupación de dous anos prorrogable por outro ano máis. Ademais do local en cesión a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés cos dereitos e obrigacións das partes no contrato de prestación de servizos a subscribir pola utilización e desenvolvemento da súa actividade no espazo asignado, establecéndose un tempo máximo de ocupación de catro anos prorrogable.

No Título II, regulase ó uso das aulas de formación e a sala de xuntas, o seu uso por parte das empresas existentes no viveiro de empresas, por parte doutras empresas interesadas en alugar as aulas para impartir formación, asociacións veciñais, de xuventude, ou de calquera tipo, e incluso as actividades formativas que queira impartir o propio Concello de Cambados.

### Artigo 1.—Obxecto

1. O presente Regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do VIVEIRO de Empresas do Concello de Cambados, que comprende o proceso de selección das



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

empresas e o contrato para a utilización dos espazos adxudicados e o Local en Cesión a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés.

2. A relación de espazos destinados ao uso polas empresas beneficiarias, serán todos aqueles existentes no CDL, segundo a regulación específica de cada espazo.

3. En concreto destínanse catro oficinas sitas na planta baixa e primeira do CDL como espazos a alugar de forma permanente e pola duración máxima establecida neste regulamento polos beneficiarios seleccionados, podendo ampliar estas oficinas a unha oficina de uso compartido con 4 despachos nunha das aulas de Formación en caso de que a demanda destes espazos así o precise.

#### **Artigo 2.—Definición do Viveiro de Empresas**

1. O Viveiro de Empresas é unha acción impulsada polo Concello de Cambados co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e proporcionar un espazo de xestión e un apoio administrativo ás novas empresas, facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas ou a viabilidade de empresas xa existentes (máximo seis meses dende a súa constitución) pero que non teñan iniciado a súa actividade (alta en facenda e na seguridade social), para a súa posterior inserción no mercado, favorecéndose aqueles de especial interese social ou estratéxico.

2. O Concello cederá temporalmente o uso dos espazos comprendidos no Viveiro ás empresas seleccionadas con arranxo ao disposto no presente regulamento.

#### **Artigo 4.—Requisitos previos**

1. O Viveiro está destinado a empresas de nova ou recente creación que vaian desenvolver unha actividade novedosa ou innovadora no Concello de Cambados, debendo ser obxecto de especial valoración no procedemento de selección dos aspirantes a xeración de postos de traballo en Cambados e a diversificación do tecido empresarial do Municipio.

Aos efectos do párrafo anterior entenderanse como empresas de nova ou recente creación aquelas constituídas e sen inicio de actividade nun prazo non superior a seis meses ata a data de presentación da solicitude de instalación no viveiro, ou que aporten compromiso de constituírse como empresa ou darse de alta no réxime de seguridade social de autónomos en caso de que lle sexa adxudicada a oficina no viveiro.

Así mesmo será requisito que os solicitantes non realizaran a mesma actividade como autónomos ou como empresa nos últimos doce meses.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

A estrutura do capital social da empresa non poderá cambiar durante a estancia no viveiro, en caso necesario o cambio deberá ser aprobado polo Concello de Cambados ou poderá supor a expulsión do viveiro.

2. A empresa candidata ha de ser unha microempresa, considerando esta como aquela que ten menos de 10 traballadores e un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os dous millóns de euros, e ademais o seu capital non ha de estar participado en máis dun 25% por unha sociedade que non sexa pequena ou mediana empresa, de conformidade co Regulamento 800/2008 da Comisión Europea ou norma que o substitúa.

### **Artigo 13.—Duración do contrato**

A estancia máxima das empresas establecida no contrato de cesión de uso é de dous anos. Non en tanto e co fin de apoiar aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, poderá incrementarse este prazo, previa petición e xustificación do interesado, ata un ano máis, cunha antelación mínima de tres meses á finalización do mencionado contrato.

Estas ampliacións se documentarán en documento contractual modificativo deste extremo.

O Local en Cesión a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés terá unha duración de catro anos prorrogables.”

Tendo en conta que foi solicitada por este Concello a Subvención publicada no Doga do 03.03.2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria segundo a orde do 15 de febreiro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código do procedemento IN541A).

Nesa orde establece no Artigo 7.7, Programa de acollemento de empresas unha serie de requisitos para ser acollido no Viveiro Industrial e que varían nalgún caso os requisitos esixidos para ser incluído no regulamento do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados xa aprobado polo Pleno do Concello de Cambados con anterioridade, considerase preciso adaptar o Regulamento existente aos requisitos da orde da subvención solicitada, para que inclúan non so os requisitos para a solicitude dos Despachos do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados, se non tamén establecer dentro do mesmo regulamento, uns requisitos novos para os locais do Viveiro Industrial na nave industrial propiedade do concello de Cambados da parcela 52



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

do Polígono Industrial Sete Pías, e que se adapten os requisitos establecidos na orde da subvención solicitada para financiar a obra da mesma.

Ademais desta modificación precisa para adaptar este regulamento a subvención solicitada para as obras de acondicionamento do Viveiro Industrial, tamén se fai unha modificación na antigüidade pola que se considera empresa de nova creación para optar a ocupar un despacho no Centro de Desenvolvemento Local de Cambados. Pasando a mesma de 6 a 42 meses de antigüidade.

Esta modificación ben motivada pola intención dende este concello de establecer no viveiro de empresas do Centro de Desenvolvemento Local de Cambados un "acelerador" de empresas, un viveiro especializado nun determinado sector. Como así nolo recomendou Don Juan Manuel Revuelta, Director Xeral da Fundación Finnova e titor partner da UE, nunha recente visita o viveiro de empresas do Concello de Cambados. Esta formula na que as empresas que opten os despachos do CDL teñan como máximo unha antigüidade de 42 meses dende a súa alta fiscal xa se esta a utilizar noutros viveiros como por exemplo o de Baiona, no que tamén se pretende unha especialización do mesmo a través de iniciativas vinculadas ao sector turístico, marítimo ou actividades lúdico-deportivas.

Razón pola cal se lle propón o Pleno da Corporación adopte acordo no sentido de modificar o Regulamento do Centro de Desenvolvemento Local do Concello de Cambados, e concretamente na Exposición de motivos e nos seus artigos 1º, 2º, 4º e 13º, quedando redactado do seguinte xeito:

### **"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Concello de Cambados acordou regular o Centro de Loxístico do Polígono Industrial Sete Pías, denominado a partir da aprobación do presente regulamento como "Centro de Desenvolvemento Local" xunto co Viveiro Industrial na Nave Industrial propiedade do Concello de Cambados na Parcela 52 do Polígono Industrial Sete Pías, en adiante "CDL". Dentro do CDL deberanse regular os seguintes espazos:

- Viveiro de Empresas, catro despachos destinados a albergar empresas de recente creación e proxectos de autoemprego que, pola súa viabilidade, poidan contribuir en termos económicos, comerciais, de emprego, etc., ao desenvolvemento do municipio.
- Viveiro Industria, Nave Industrial propiedade do Concello de Cambados na Parcela 52 do Polígono Industrial Sete Pías.
- Aulas de formación.
- Local en Cesión á Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés e Sala de Xuntas



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

Mediante este Regulamento defínense, no capítulo I, fundamentalmente, os elementos esenciais do procedemento para a selección das empresas beneficiarias dos espazos comprendidos no viveiro, e os dereitos e obrigacións das partes no contrato de prestación de servizos a subscribir pola utilización e desenvolvemento da súa actividade no espazo asignado, establecéndose un tempo máximo de ocupación de dous anos prorrogable por outro ano máis para os despachos do Centro de Desenvolvemento Local e un período máximo de 12 meses, prorrogable por outros 12 máis para os locais do Viveiro Industrial. Ademais do Local en Cesión a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés cos dereitos e obrigacións das partes no contrato de prestación de servizos a subscribir pola utilización e desenvolvemento da súa actividade no espazo asignado, establecéndose un tempo máximo de ocupación de catro anos prorrogable.

No capítulo II, regúlase o uso das aulas de formación e a sala de xuntas, o seu uso por parte das empresas existentes no viveiro de empresas, por parte doutras empresas interesadas en alugar as aulas para impartir formación, asociacións veciñais, de xuventude, ou de calquera tipo, e incluso as actividades formativas que queira impartir o propio Concello de Cambados.

### **Artigo 1. - Obxecto.**

1. O presente Regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do VIVEIRO de Empresas do Concello de Cambados, que comprende o proceso de selección das empresas e o contrato para a utilización dos espazos adjudicados e o Local en Cesión a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés.
2. A relación de espazos destinados ao uso polas empresas beneficiarias, serán todos aqueles existentes no CDL, segundo a regulación específica de cada espazo.
3. En concreto destínanse catro oficinas sitas na planta baixa e primeira do CDL como espazos a alugar de forma permanente e pola duración máxima establecida neste regulamento polos beneficiarios seleccionados, podendo ampliar estas oficinas a unha oficina de uso compartido con 4 despachos nunha das aulas de Formación en caso de que a demanda destes espazos así o precise.
4. Tamén se inclúe o Viveiro Industrial na parcela 52 do Polígono Industrial Sete Pías.

### **Artigo 2.- Definición do Viveiro de Empresas.**

1. O Viveiro de Empresas é unha acción impulsada polo Concello de Cambados co obxectivo de fomentar o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras e proporcionar un espazo de xestión e un apoio administrativo ás novas empresas, facilitar o establecemento, arranque e consolidación de novas empresas ou a viabilidade de



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

empresas xa existentes (máximo seis meses dende a súa constitución para o Viveiro Industrial e 42 meses para os despachos do Centro de Desenvolvemento Local) pero que non teñan iniciado a súa actividade (alta en facenda e na seguridade social), para a súa posterior inserción no mercado, favorecéndose aqueles de especial interese social ou estratéxico.

2. O Concello cederá temporalmente o uso dos espazos comprendidos no Viveiro ás empresas seleccionadas con arranxo ao disposto no presente regulamento.

#### **Artigo 4. - Requisitos previos.**

1.- Para os solicitantes dos despachos no Centro de Desenvolvemento Local:

a) O Viveiro está destinado a empresas de nova ou recente creación que vaian desenvolver unha actividade novedosa ou innovadora no Concello de Cambados, debendo ser obxecto de especial valoración no procedemento de selección dos aspirantes a xeración de postos de traballo en Cambados e a diversificación do tecido empresarial do Municipio.

Aos efectos do párrafo anterior entenderanse como empresas de nova ou recente creación para os Despachos do Centro de Desenvolvemento Local aquelas constituídas e sen inicio de actividade nun prazo non superior a 42 meses ata a data de presentación da solicitude de instalación no viveiro, ou que aporten compromiso de constituírse como empresa ou darse de alta no réxime de seguridade social de autónomos en caso de que lle sexa adxudicada a oficina no viveiro.

A estrutura do capital social da empresa non poderá cambiar durante a estancia no viveiro, en caso necesario o cambio deberá ser aprobado polo Concello de Cambados ou poderá supor a expulsión do viveiro.

b) A empresa candidata ha de ser unha microempresa, considerando esta como aquela que ten menos de 10 traballadores e un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os dous millóns de euros, e ademais o seu capital non ha de estar participado en máis dun 25% por unha sociedade que non sexa pequena ou mediana empresa, de conformidade co Regulamento 800/2008 da Comisión Europea ou norma que o substitúa.

2.- Para os solicitantes dos espazos no Viveiro Industrial:

a) Poderanse acoller no viveiro empresas aínda non constituídas pero que prevexan facelo no prazo máximo de tres meses desde a resolución de acollemento no viveiro, ou empresas constituídas hai menos de 6 meses desde a data de solicitude de acollemento.

b) As empresas deberán ter domicilio social e fiscal no concello de Cambados.

c) As empresas deberán desenvolver unha actividade empresarial de carácter industrial.





Ilmo Concello de  
CAMBADOS

d) As empresas deberán presentar un proxecto que avale a súa viabilidade económica e técnica.

### **Artigo 13.- Duración do contrato.**

As empresas poderán estar acollidas no viveiro industrial por un período máximo de 12 meses, prorrogable por outros 12 máis logo de acordo por escrito do xestor do viveiro e da empresa.

A estancia máxima das empresas nos despachos do Centro de Desenvolvemento Local establecida no contrato de cesión de uso é de dous anos. No entanto e co fin de apoiar aquelas empresas que necesiten algún tempo máis para a consolidación do seu negocio, poderá incrementarse este prazo, previa petición e xustificación do interesado, ata un ano máis, cunha antelación mínima de tres meses á finalización do mencionado contrato.

Estas ampliacións se documentarán en documento contractual modificativo deste extremo.

O Local en Cesión a Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Salnés tera unha duración de catro anos prorrogables.”

=